

40

- ○ ○ ○ ○ EXPRESIÓN VERBAL
- ● ● ● ○ EXPRESIÓN CORPORAL
- ● ● ○ ○ CREATIVIDADE
- ○ ○ ○ ○ VOCABULARIO
- ● ● ● ○ ESCOITA ACTIVA
- ● ● ○ ○ TRABALLO EN GRUPO
- ● ● ○ ○ DIFICULTADE

6 ou máis participantes
20 minutos

Ollos pechos

Confianza. Exploración sensorial

O SUBMARINO

MATERIAIS

Material para tapar os ollos.

ESPAZO

Espazo para poder desplazarse sen obstáculos no medio.

DESCRIPCIÓN

Grupos de 6 persoas, en fila coas mans nos ombros. Cada grupo é un submarino: todos os elementos van cos ollos tapados non sendo o de atrás de todo, que dirixe o grupo.

A persoa que dirixe o submarino non pode falar, pero dispón dun código para se comunicar:

1. Toque no ombreiro dereito significa “virar á dereita”.
2. Toque no ombreiro esquerdo significa “virar á esquerda”.
3. Toque nos dous ombreiros significa “parar”.
4. Toque nas costas significa “bulir”.

Cada submarino debe chegar dende un lugar ao outro.

